

8M Día Internacional da Muller OS CONCELLOS GALEGOS #PoloBoTrato

Día 8 de Marzo, día Internacional da Muller. Os concellos galegos queremos tamén amosar o noso compromiso coa non discriminación por razón de xénero e o noso apoio na loita contra a violencia exercida cara as mulleres. Non queremos tampouco esquecer desde a Fegamp, de tantas mulleres que loitaron por acadar logros importantes como o dereito feminino ao voto, a incorporación da muller ao traballo, a igualdade de oportunidades no eido educativo ou os dereitos laborais, entre outras batallas que se teñen librado en torno aos dereitos das mulleres.

Desde a Fegamp cremos que a proximidade das administracións locais á cidadanía é un factor clave que temos que ter en conta, e defendemos, que a igualdade comeza no noso propio concello. Por isto nos comprometemos do decálogo #PoloBoTrato, que temos realizado en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e que recolle os valores que deben estar presentes no día a día municipal e que axudarán a promover actitudes a prol da igualdade entre mulleres e homes. Por todo isto invitamos a todos os concellos de Galicia a sumarse a campaña “Os concellos Galegos #PoloBoTrato” da Fegamp e a celebrar o Día da Muller nas corporacións locais. A continuación o decálogo de compromisos dos concellos galegos:

1. **Empregamos** linguaxe libre de connotacións sexistas
2. **Integramos** a perspectiva de xénero nas nosas decisións
3. **Difundimos** unha imaxe non sexista da muller
4. **Traballamos** entre a poboación máis nova a prevención da violencia machista e os valores de igualdade e respecto
5. **Fomentamos** a corresponsabilidade nas tarefas e a ética no coidado, tanto de menores como de persoas dependentes
6. **Identificamos** e emendamos as deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres
7. **Respectamos** a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal
8. **Promovemos** unha representación equilibrada de mulleres e homes en tribunais, xurados, comités e comisións
9. **Rexeitamos** a contratación de actividades nas que se promova unha imaxe sexista da muller
10. **Prestamos especial atención** ás mulleres en situación de vulnerabilidade

Desde a Federación Galega de Municipios e Provincias comprometémonos con este decálogo e ratificamos o noso compromiso coa igualdade desde os concellos, deputacións e entidades menores de Galicia.